

SILENCIO
E MATERIA

X O S É C I D

Edita

Centro Cultural Marcos Valcárcel

Patrocina

Deputación Ourense

Presidente Deputación Ourense

Luis Menor Pérez

Deputado de Cultura

César Fernández Gil

Director Centro Cultural Marcos Valcárcel
e coordinador de exposición e catálogo

Francisco González Bouzán

EXPOSICIÓN

Comisario

Rosendo Cid

Administración e Xestión de Fondos

Salomé Caamaño

Coordinación de Montaxe e Manipulación

Manuel Pérez Cid

CATÁLOGO

Texto

© **Antón Castro**

© **Rosendo Cid**

© **Paco López-Barxas**

Traducción galego

Gabinete de Galego


Deputación Ourense

Fotografía

© **M. Nácher**

© **Rosendo Cid** (*páx. 4, 14, 20, 22, 80, 88*)

Deseño

 **nacher**publicidad

Imprime


Gráficas Rodi

Depósito legal

OU 98-2024

© **Deputación Ourense**



XOSÉ CID  **silencio e materia**

CENTRO CULTURAL
MARCOS VALCÁRCEL
Ourense



Monumento á Liberdade; a Miguel Ángel Blanco (2023).
Faramontaos, Ourense.

Silencio e materia

O que non contempla só ve aparencias.
Ramón Eder

ROSENDO CID

Tanto o silencio como a materia son dous conceptos que, na escultura, a traxectoria e o facer de Xosé Cid están moi presentes. E a través deles vertebrouse esta mostra, enfocada ademais desde unha intención antolóxica moi particular na idea de xerar un diálogo entre pezas de diferentes épocas —incluíndo algúns traballos temperáns e menos coñecidos—. Unha mostra que toma a substitución doutra celebrada nesta mesma cidade, no ano 2018, no Centro Cultural José Ángel Valente, titulada *Materia infinita*. Naquel entón a materia era o centro ao redor do cal viraba aquela exposición; unha materia, como concepto, que viña —e vén— definida por uns materiais específicos cos que o escultor traballa desde os seus inicios como son, o barro, a madeira, a pedra, o mármore e o bronce —este último a partir dos anos noventa do século XX—. O modo en que Xosé Cid enfróntase a estes materiais, diríamos primixenios —ou cunha evidente carga de silencio arcaico e primitivo—, é mediante un diálogo íntimo e fondo, e por tanto silencioso, que non desaparece do seu modo de traballar e que se concreta a través das intuicións que lle outorga a experiencia ante os diversos leitos que a materia lle propón.

Na mostra actual —continuando a senda daquela de 2018— quíxose entón evidenciar outro elemento, isto é: o silencio; un silencio activo e ineludible no seu quefacer escultórico, que fai de interlocutor coa materia para, paradoxalmente, *facela falar*. Para chegar a iso o escultor exerce unha reiterada contemplación sobre a mesma materia, achegándose a ela, domándoa, atrapándoa entre as súas mans e mediante as súas ferramentas. E non pode ser doutro xeito, nunha acción, como a de contemplar, que podemos sinalar como o terceiro concepto que

une os dous principais que titulan este texto e esta exposición. Sobre este terceiro concepto, a primeira entrada do dicionario da Real Academia Española indica: «poñer a atención en algo material ou espiritual». E isto é, xustamente, unha das pretensións desta exposición: evocar, ao mesmo tempo, a materia e o espírito de fondo de todas as obras aquí reunidas, que pretenden ser unha representación da longa e contundente traxectoria do escultor do Val da Rabeda que, por dilatada, soamente pode ambicionar converterse nunha aproximación.

Por estes motivos, someramente sinalados, as pezas e os distintos elementos que mostramos na exposición mestúranse, porque dun artista, dun escultor como Xosé Cid, non pode destacarse unha época por encima doutra. A súa obra é un continuo, un conxunto intuitivo, natural e experiencial que foi alimentándose a través dese diálogo tan singular coa materia e os materiais cos que traballa e cuxa esencia acaba por transmitirse a todo o seu proceso creativo, que é certo que foi mutando na procura das formas máis adecuadas en cada momento e para cada material, pero que non cambiou en canto ao espírito que lle impulsa a construír, a abordar e a desenvolver as formas e a mirada escultórica, que se mantivo nun movemento firme e tenaz nestes máis de cincuenta anos de traballo.

Apuntadas as bases conceptuais que nos guiaron na construción desta exposición, insistiremos no enfoque da mesma como o encontro e o diálogo entre diferentes épocas, de tal maneira que o espectador esqueza os leitos de lectura habituais sobre unha mostra antolóxica que abarca un espazo de tempo tan extenso. Centrémonos así mesmo nas calidades e interaccións formais, silenciosas e tantas veces invisibles que permaneceron *estables* ao longo dos anos e que ao mesmo tempo mutan, avanza e regresan á orixe, nun bucle que se retroalimenta sen pausa aparente. Unha delas e a que sen dúbida marca o núcleo da súa identidade escultórica



é a base figurativa, que non se diluíu en ningún momento —mesmo nalgunhas das súas pezas máis actuais, que derivan cara a unha abstracción máis aguda.

Debemos apuntar, igualmente, a inclusión en ambas as salas de dous complementos ou apoios, como son algunhas imaxes de determinados monumentos e obras públicas realizadas polo escultor e que salpican a xeografía galega pero que permanecen, paradoxalmente, máis *ocultos* —fóra dalgún caso, como o *Monumento a Breogán*, nos arredores da Torre de Hércules, na Coruña—; unhas imaxes cuxa pretensión é dar fe desoutra vertente de traballo en canto á relación coa materia e a contorna onde esta se sitúa, e que por tanto o escultor afronta dun modo diferente ao habitual no taller. Un segundo complemento, menos visible pero non menos importante, é a selección dun pequeno número de bosquejos e debuxos preparatorios orixinais de diferentes épocas que representan o inicio do proceso escultórico antes do enfrontamento directo co material e que cremos interesante que o espectador coñeza.

Para reforzar a exposición mediante a palabra, convidamos, para o catálogo da mesma, a unha figura, na voz experta de Antón Castro, quen achega unha visión crítica e retrospectiva sobre o escultor, así como unha entrevista realizada polo xornalista e escritor Paco López-Barxas que nos achega ás particularidades da personalidade artística e emocional de alguén con tantos anos de traballo e experiencia ás súas costas e cuxo percorrido se nutriu, en efecto, dun silencio activo, aínda que rotundo e constante, nas formas e no tempo e que segue *falando* quedamente a través de todas e cada unha das súas obras para que finalmente estas cheguen á nosa disposta mirada.

Val da Rábeda
16 de marzo de 2024

1969. Granito. 37 x 36 x 17 cm.



2016. Mármore. 84 x 78 x 39 cm.



2024. Mármore. 54 x 130 x 40 cm.







Monumento á Familia (1994). Taboadela, Ourense.


Xosé Cid, máis aló do silencio

X. ANTÓN CASTRO

Entrei en contacto coa escultura do artista de Santa Cruz de Rábeda (San Cibrao das Viñas, Ourense, 1946), a finais dos anos 70 do século pasado, cando eu era un visitante ocasional das Bienais de Pontevedra pero, de maneira especial, cando o convidei a participar nunha exposición que reviste un significado especial para min —aos poucos meses de crear e presidir a *Sección de Artes Plásticas* da Dirección Xeral de Cultura da Xunta de Galicia, a principios de 1984—, *Encontros no espacio. Escultores galegos e cataláns dos 80*, no aire libre da praza da Quintana santiaguesa.

Lembro o pesado, monumental e exquisito *Grupo de familia* (1984) de granito de Xosé Cid e o seu encaixe axustado ao peculiar *specific site* do improvisado espazo hierofónico da Catedral coa difícil competencia que nos ofrecía a grandiosidade desta. Cid, na súa mocidade e cun autodidactismo nutrido nos referentes da gran escultura, pero sobre todo cunha bagaxe técnica inmellorable, mostraba entón a síntese dunha idea de proxecto que resumía a tradición galega máis lexítima e os resortes experimentais, en termos de linguaxe formal, do vangardismo máis innovador.

A silente estrutura figurativa compendiaba, na súa esquemática e xeométrica concepción, todo un século de tradición galega, inmersa nesa recorrente e identitaria *estética do granito* que arrincaba das mitoloxías prehistóricas castrexas e da frontalidade románica do Mestre Mateo, atravesando as miradas renovadoras que no seu día intuiron Francisco Asorey, Xosé Eiroa, Antonio Faílde ou o primitivismo de Arturo Baltar. Recoñecíaos e respectaba as súas pescudas, pero, ao mesmo tempo, afastábase deles buscando a diferenza, en tanto que asumía igualmente, e de maneira simultánea, os riscos formais e conceptuais dos referentes clásicos que reinventaron a gran escultura, navegando entre o primeiro Brancusi do *Bico*, que anos máis tarde, prolongaría ao biomorfismo suave e oval, e a unha abstracción da figura humana, que reinventarían desde os anos trinta e ata os sesenta esa tríade marabillosa de Jean Arp, Henry Moore e Barbara Hepworth.



O artista logo de rematar o *Monumento a Familia*, 1983.

Reinvención tecida no minimalismo formal de fragmentacións e asimetrías, que marcarían unha linguaxe renovadora fronte ao realismo tradicional, que é polo que apostou Cid, coa carga emocional das deformacións expresionistas, inspiradas non só na paisaxe, entre baleiros e ocos, planos cóncavos e convexos, senón nas interpretacións metamórficas do corpo humano. Como aqueles referentes que non deixaron de mergullar no pasado e nos vellos mitos e que reforzaron, talvez por necesidade, a atmosfera do neohumanismo heideggeriano de posguerra —a necesidade de pensar o ser, dono da súa esencia, coa que se identificou o seu humanismo— e a súa secreción existencialista, Xosé Cid non deixará de casar a tradición coa subversión desta no presente desde posicións innovadoras. Que foi, se non a arte de todas as épocas máis que unha lectura da arte que lle precedeu, tal como nos lembra George Steiner?¹ Reflexión que un artista tan radical como Jannis Kounellis leva ao paroxismo cando se atreve a dicir que «o pasado é o único futuro posible, digno e revolucionario²». No seu

.....
1 STEINER, GEORGE. *Réelles présences: Les arts du sens*. París: Gallimard, 1991, p. 37.

2 BEUYS, KOUNELLIS, KIEFER, CUCCHI. *Bâtissons une cathédrale. Entretien*. París: L'Arche, 1988, p. 204.



O artista no seu taller xunto ao *Afiador*, 1974.


neohumanismo de síntese, Cid asume a ruptura do obvio e un diálogo que reforza a fusión dunha imaxe voluntariamente basta da realidade que muda a súa percepción da escultura como corpo vertical e horizontal, como monumento atmosférico e como arquetipo case «jungiano» de mitos e símbolos que colectivizan a súa presenza nun universo de lectura ampla, erixindo os seus grupos escultóricos —e penso aínda no citado *Grupo de familia*, extensible a unha boa parte da súa obra e en particular á que realizou en espazos públicos— como

signos desprovistos de todo contido ideolóxico en honra ao universo mítico que está tan presente na súa escultura, é dicir, establecendo unha relación imposible entre a terra e o ceo, entre a realidade e o desexo, entre a vida que se constrúa cada día con fragmentos de traballo e suor e o paraíso das imaxes colectivas. Aquilo que nos impacta como recompensa da innovación que dificilmente poderíamos definir tan ben como o xenial Carlos Fuentes cando di que «todo descubrimento é un desexo e todo desexo unha necesidade, por iso inventamos o que descubrimos e descubrimos o que imaxinamos. A nosa recompensa final: o asombro³».

Dicía Schelling que sería na filosofía da natureza e na visión panteísta daquela⁴, no seu reforzo da experiencia subxectiva e do eu, tanto como nos mitos da antigüidade, onde corroboramos unha aprehensión idealista da estética. A este respecto quereda citar a dúplice conceptualización dunha das grandes exposicións de teses —ao meu entender das mellores que se fixeron nos últimos corenta anos— sobre o que foi a escultura moderna e

3 FUENTES, CARLOS. *Valiente mundo nuevo*. Madrid: Mondadori, 1990, p. 46.

4 SCHELLING, F. W. J. *La relación del arte con la naturaleza*. Madrid: Edicións Sarpe, 1985 (Múnic, 1807), p. 72.



Bosquexo a man. Tinta sobre papel, 1985.

contemporánea: a que comisariou a crítica e historiadora da arte norteamericana, Margit Rowell, no Centro Pompidou de París, en 1986, quen concibe o escultórico ou ben desde a cultura ou ben desde a natureza. Se partimos desta como principio xerador, o artista tería en conta, aínda inconscientemente, os mitos, as manifestacións intemporais do universo, os fenómenos cíclicos do cosmos e as súas fases biolóxicas, unha ontoloxía baseada no instinto e na fe ou a inspiración nas artes primitivas, a partir do uso de materiais tradicionais⁵, presunción reforzada, de maneira inequívoca, segundo a tradición romántica do citado Schelling, por unha procura da beleza e da temporalidade, pois cada brote da natureza ten tan só un instante de plena e verdadeira beleza («a arte, en canto representa a esencia daquel instante, rescátao do tempo: fai que apareza no seu puro ser, na eternidade da súa vivir»⁶), que nacería dos estremecementos da alma e da imaxinación baixo o impulso da natureza, o que dotaría á arte dun poder «irresistible»⁷.

Creo que, desde posicións non moi afastadas, incidindo nunha clarificadora idea de proxecto, que é o que, en definitiva, lexítima a maior autenticidade dun artista, expuxo Xosé Cid na súa obra ao longo destes anos, sen excluír as incursións que ten todo artista, no ineludible terreo da cultura, que Rowell identifica máis as auras conceptualmente frías e os construtivismos. A súa actual exposición *Silencio e materia* —tiven oportunidade de ver a súa anterior mostra ourensá, *Materia infinita*, na sala municipal José Ángel Valente, en 2017— non deixa de ser o último capítulo dun artista que indagou concienzudamente no relato prevalente do individuo como suxeito, no ser humano como protagonista absorbente dun discurso, que, nesta sintética mostra, define o

.....
5 Cat.: «Avant-propos». En *Qu'est-ce que la sculpture moderne?* Musée national d'art moderne, Centre Georges Pompidou. París, 1986, p. 13.

6 SCHELLING, *La relación del arte con la naturaleza*, p. 72.

7 Ibid., p. 78.



Cartel da exposición na Galería Ceibe de A Coruña, 1976.

imaxinación simbólica, achegándose á súa obxectualidade, que complementa coa aproximación ao seu ser e humanidade, en termos de imaxinación metafísica— e un esencialismo formal que eleva ao ser humano, home ou muller, a unha dimensión espiritual e evanescente en busca da súa transcendencia. Formas sintéticas e suxeridas, dotadas dunha luz non só exterior, senón intrínseca, coas que constrúe a nova realidade que dialoga co espazo de comportamento e co que secuencian as nosas impresións.

Recordo que o inesquecible David Smith, un dos referentes da renovación escultórica do século pasado, sostíña que o verdadeiramente abstracto non existía, porque o home debía traballar partindo sempre da vida⁸. Con todo, o sentido da elipse en ambos, a pesar das súas concepcións e resultados tan diferentes, é un feito e permíteme valorar naquel e nas sintéticas formas de pedra, mármore, bronce ou madeira de Cid, a conxunción de efectos, desde a verticalidade ao totémico, do monóltico ao ingrávulo, do cóncavo ao convexo, reafirmar a importancia do pulido matérico e a constatación do silencio, do acougo e do repouso, da calma fronte ao ruído ou dunha peculiar ascensionalidade mística.

.....
⁸ SMITH, DAVID. Entrevista con David Sylvester, (16-VI-1961). Publicada en *Living Arts*, (abril, 1964). En *David Smith, 1906-1965*. Madrid: Cat. IVAM/MCARS, Valencia, 1996, p.139.




Monumento a Breogán (1995). A Coruña.

E no proxecto de Cid é inevitable acudir ás súas intervencións públicas, integradas en parques, bosques ou en determinadas zonas urbanas de Galicia. Vin con frecuencia o seu monumental *Breogán* (1995) na ampla paisaxe escultórica da Torre de Hércules coruñesa, como un revival renovado da prehistórica tradición castrexa, evocando no seu totemismo a afirmación reveladora dos vellos arcaísmos, co mesmo sabor a hierofanía que o refinado *Guerreiro celta* de Narciso Pérez, un vangardista histórico audaz, prematuramente desaparecido. Unha escultura que nos fai percibir o espazo da Torre doutra maneira, desde as pautas renovadoras daquela como construción cultural, revertendo a natureza a paisaxe —acentuada pola historicidade que lle achega o mitolóxico Breogán—, onde o espazo profano —na acepción de Mircea Eliade, na súa análise da antigüidade megalítica— devíña espazo sacro, o único real, o que existía verdadeiramente, un espazo heteroxéneo⁹, que, dalgunha maneira, corresponderíase co *campo amplo* do que nos fala Rosalind Krauss ao falar do tránsito entre a modernidade e a posmodernidade escultórica¹⁰. Adecuar a obra ao espazo acentúa a identidade do lugar en tanto que o seu autor, e no caso de Xosé Cid é case un axioma, ten en conta noções como o tempo, a idea de perdurabilidade, o seu valor de símbolo e a súa condición ritual, caracteres que modificarían a nova percepción hierofánica, unha vez que se rompe a homoxeneidade daquel *site*, para asistir a unha peculiar refundación da natureza como paisaxe cultural. Trataríase, en definitiva, de traducir o impulso da escultura desde a súa esencia, pero tamén de restablecer a súa relación co espazo ou cos espazos xeográficos e culturais.

.....
9 ELIADE, M. *Le sacré et profánelle*. Paris: Éditions Gallimard, 1965, p. 25.

10 «La escultura en el campo expandido». En VV. AA. *La posmodernidad*, Barcelona: Kairós, 1985, p. 68.



Monumento a Eduardo Blanco Amor (2007). Ourense.

Sabido é, como sostén Jean-Luc Daval, que a escultura, a partir dos traballos pioneiros que desenvolvera Isamu Noguchi, despois da década dos cincuenta, na natureza xa non é exclusivamente un *obxecto para ver*, senón un *espazo para existir*, un lugar que non só privilexia as funcións decorativas ou conmemorativas que a historia lle atribuíra¹¹, senón un construto cultural. Poética que na súa versatilidade lingüística e na diversidade das súas actuacións nos diferentes espazos públicos, foi adecuando en función do proxecto proposto, acoutado este á dimensión conceptual, iconográfica e material da súa experiencia interpretativa, desde o realismo máis libre —véxase o *Eduardo Blanco Amor* dos Xardíns Bispo Cesáreo en Ourense, ou o *Monumento ó Cabalo de Antela* (Ourense)— ás recreacións neofigurativas e biomórficas cun alto grao de elipse abstracta da tradición do granito —e a *Concepción Arenal* do Ferrol ou o *Guerreiro Guardián*, do Pazo de Vilamarín, en Ourense poderían ser exemplares— á hermenéutica da abstracción, como sucede con *Nimbos de luz*, na Ínsua dos Poetas, en Madarnás (O Carballiño), entre outros modelos que poderíamos citar.

En todos os casos, a idea de proxecto de Xosé Cid aparece marcada por unha clara identidade da experiencia, onde a estrutura formal intúese desde a funcionalidade da súa estética, poética que podemos ler coas claves da súa propia mirada humanista —xa citada— simbólica e metafísica, entre a intelixencia e a conciencia, que non se afasta dalgúns dos propósitos con que Oteiza definiu a renovación da escultura, acudindo á desocupación da forma e integrando a luz como secuencia intrínseca da materia, sexa granito, bronce ou madeira, e que é outra forma de entender e interpretar a vida e o mundo desde a elocuente soidade do creador a fin de lograr proxectalo máis aló do silencio.

.....

¹¹ «A afirmación da escultura». En VV.AA. *Historia del arte. La escultura. La aventura de la escultura moderna en los siglos XIX y XX*, Xenebra-Barcelona: Skira / Carroggio S.A. Edicións, 1996, pp. 287 e 288.



2013. Madeira. 60x209x35 cm.





2013. Bronze. 183 x 55 x 26 cm.



2012. Bronze. 110 x 102 x 12 cm.





2013. Bronze. 185 x 50 x 38 cm.







XOSÉ CID:

«Mirar unha escultura ten algo de poesía, de música e de silencio»

PACO LÓPEZ-BARXAS

Chove sobre o Val da Rabeda, cos seus prados atravesados por pistas e un algo de misterio nebuloso xunto a castiñeiros centenarios, freixos e carballos que pastorean nunha paisaxe de lendas mergulladas. Chove, non tan lonxe deste lugar, sobre o castro de Armea e sobre a pedra de Santa Mariña de Augas Santas. Chove, moi preto de aquí, en San Verísimo de Espiñeiros, en Allariz, onde Cela cóntanos que tal día coma hoxe, un 29 de febreiro, víñase celebrando cada ano unha misa por Romasanta —o noso licántropo por excelencia— ata que a guerra civil acabou con este santo costume. Chove —como na Mazurca ourensá— «sobre a terra que é da mesma cor que o ceo».

Aquí, a dez quilómetros de Ourense, no lugar chamado A Pousa de Santa Leocadia, en Taboadela, tamén «chove sobre a terra» que é da mesma cor que a gubia e a pedra, mentres Xosé Cid agárdame á entrada da casa grande na que vive e esculpe os seus soños. De pé, co paraugas aberto xunto ao portón do alpendre, Xosé Cid parece un personaxe celiano de contundencia expresiva. Así o vexo eu cando aparco o coche no soportal da súa casa, rodeada de muros e portas detrás das que calquera pode descubrir a profunda relación que hai entre o lugar e o artista.

Observo detidamente a fachada da vivenda que o seu morador ten reconstruído, respectando a singularidade rural dun edificio do XVIII, á imaxe e semellanza das súas necesidades estéticas e vitais. Un territorio liberado. E fíxoo, enfrontándose á rehabilitación da casa coma se dunha escultura urbana se tratase: coa habilidade e control do espazo e das formas. Un proceso longo do que resultou, por riba, o deseño de varias salas expositivas que comparte co seu fillo, o escritor e tamén artista plástico Rosendo Cid.

Polo xardín da finca esténdense, nun diálogo permanente de sonoros silencios, pezas escultóricas en pedra e bronce de diferentes tamaños e texturas. Un museo ao aire libre. Tanto é así que teño a impresión de atoparme ante unha especie de Chillida-Leku, con casarío de Zubalaga incluído, pero cos acenos de identidade desta terra que viu nacer ao artista no próximo lugar de Calvos, parroquia de Santa Cruz de Rabeda, hai setenta e sete anos.

Xa no interior da casa, os espazos expositivos están dispostos para o pracer e a contemplación sen présas, da mesma forma que a estancia acolledora da lareira acesa convidanos a conversar ao redor do lume. Falo con Xosé Cid, aquel neno da infancia que facía «santos» coa navalla; o escultor da singular elegancia das curvas e dos equilibrios; o creador autodidacta que non precisa de apelativos no seu oficio porque, cando un é artista, o demais é o de menos.

Non sei si lembras, Xosé, que foi un 8 de xuño de 2012 cando inauguraches esta casa museo na que amosas aos amigos e visitantes as obras da túa colección e as do teu fillo, Rosendo Cid. Podemos dicir que este lugar ten algo de biografía familiar?

Si, podémolo dicir así porque este é o meu lugar de traballo desde hai moitos anos, e está claro que onde un vive e traballa, coma no meu caso —pois non todos os artistas teñen o obradoiro e a casa no mesmo lugar— acaba por converterse na principal referencia vital, no día a día que marca o camiño e certo carácter.

Calquera pode contemplar aquí, non só a túa obra senón tamén unha mostra dalgúns dos traballos de Rosendo Cid en espazos interconectados. Como debemos entender este diálogo, sendo as vosas linguaxes artísticas tan diferentes?

Desde logo a obra de ambos comparte o mesmo lugar pero a maneira de traballar e de facer son moi diferentes, cada un ten seu camiño ou o seu estilo. O diálogo, de calquera tipo, é unha maneira de enriquecer a arte e os artistas, e cousas, en aparencia, moi distintas, non teñen por que rifar entre elas. A arte non é outra cousa que emocións, sensacións e sentimentos; manifestacións que xorden de cada persoa e sería inxenuo non poder compartir espazos ou ideas aínda que estas sexan diferentes.

Dende moi novo inicias a túa vocación artística como tallista, pero de que maneira chegas a descubrir ao escultor que levas dentro?

Hai unha anécdota ben curiosa. Un veciño dille ao meu pai: José, vouche dicir algo, que non che pareza mal, pero o teu fillo non está ben. O meu pai, sorprendido, preguntalle por que. E respóndelle: home, non pode estar ben porque poñerse a facer «santos» agora que os curas os están vendendo... Fóra de anécdotas, o meu interese pola talla espertou cando oín falar que un tallista facía unhas cabezas de guerreiros. Entón díxenme se iso

podería facelo eu tamén, sen aínda coñecer sequera a palabra escultura. Comecei facendo relevos en madeira con escenas da xente de labranza, que era o que coñecía ao vivir nun pobo sen información ningunha, e vendo nada máis que as imaxes das igrexas. E por iso os veciños non entendían que un rapaz se puxera a facer, segundo eles, «santos», que era tamén a única referencia que tiñan para chamarlle as esculturas ou a calquera figura tallada.

Que esculturas —clásicas ou modernas— deixaron en ti unha pegada máis fonda?

A verdade é que son moitas as que podería enumerar, ou tería que pensar un pouco nisto... Pero recordo que nunha viaxe que fixen a León sentín unha emoción que nunca sentira antes. Foi na chamada Capela Sixtina de España, no Panteón de San Isidoro. Foi fantástico, pois a guía que nos falaba decatouse da miña cara de asombro segundo nos falaba aos que alí estabamos na visita, e ao rematar díxonos, a min e á miña dona, que o claustro que quedaba por visitar non tiña tanto interese e que si queríamos podíamos permanecer alí uns dez minutos máis antes da seguinte visita. E alí quedamos, eu abraiado, foi moi emocionante aquilo. Tamén recordo outra ocasión, non estou seguro do ano, que estaban a facer obras de restauración no pórtico da catedral de Ourense e deuse o caso de que me invitaron a subirme os andamios para ver as obras de cerca —algo que non está ao alcance de calquera—. Ata puider tocar as figuras, mesmo acaricialas. Recordo isto con moita emoción e privilexio. Son días que un leva na alma e no corazón...

... E que nunca se esquecen. Iso mesmo sentín eu cando me invitaron a subir aos andamios de restauración, na parte alta do Pórtico da Gloria, da catedral de Santiago. Como tampouco esquecerías a túa primeira exposición de 1969 no Arquivo Histórico Provincial de Ourense, sendo director Xesús Ferro Couselo, cando apenas eras un mozo de vinte e tres anos. Como lembras aquel bautismo de iniciación?

Lémbroo con moito entusiasmo ao ver que as miñas



Xosé Cid posa na exposición no Museo Arqueolóxico de Ourense, 1974.

esculturas estaban expostas no museo. Parecíame que non collía polas portas, que mira que son grandes. Foi un día inesquecible para min porque naquel momento eu era un simple rapaz que viña da aldea. Sentínme moi importante nese momento, ben pola ignorancia, o ben pola inconsciencia da xuventude. Pero o que é a vida: hoxe, con setenta e sete anos estou cheo de dúbidas. Miro para atrás e dígame que si, que teño camiñado moito, pero cando miro para adiante vexo que queda moito por camiñar e, sobre todo, moito por aprender.

Tes dito que es un creador autodidacta, cousa que podemos ver nesta exposición na que se recolle parte da túa traxectoria dende os comezos. En todo este proceso eu véxote como un herdeiro dos valores da Xeración Nós, mantendo contacto cos «artistiñas», que dicía Risco, e tamén con todo o que ten que ver coa nosa tradición cultural en Ourense. Cales son os teus referentes na historia da arte e con que escultores chegas a identificarte máis? Tal vez con Rodin?

O primeiro escultor que coñecín foi precisamente Rodin, e por casualidade. Eu era moi noviño e entrei nunha librería a mercar un caderno de debuxo e entón vin un libriño do que me chamou a atención a fotografía da cuberta. Por suposto eu non sabía quen era Rodin, pero aquel descubrimento abriume os ollos e a mente. A partir dese descubrimento fixen unhas esculturas en madeira recreándome nel pero moi pronto desfíxenas porque me sentía incómodo. Era como se estivera roubando, facendo algo que non me pertencía. Non podía dicir que aquilo era meu. A partir de entón fun mercando algúns libros para coñecer aos clásicos, cos que me brillaban os ollos. Aquelo era outro mundo, era unha nova sensación, sentir algo que flotaba dentro de min e que me despertaba os sentidos. Os clásicos son, desde logo, a principal fonte, e un só pode seguir aprendendo deles.

Aínda que es o máis novo entre os referidos «artistiñas», sénteste ou non parte dese grupo que se reunía no Volter, o «bar do Tucho», formado por escultores como Acisclo e Bucifios, entre outros? Creo que foi Xosé Paz o que,

referíndose aos tres, falou dos «tres tenores» da escultura ourensana. Estás de acordo?

Antes da miña primeira exposición no Museo Arqueolóxico en Ourense, como xa falamos, eu viña da aldea e non coñecía a ninguén do eido da cultura e foi nesa exposición onde teño contacto cos chamados «artistiñas» pero tamén con Prego, Luis Trabazo, Faílde, Virxilio entre outros, e naturalmente o Volter, pero non me sentín parte especialmente dese grupo ou polo menos nunca o pensei neste sentido. Eu sempre traballei na busca do meu propio camiño. O demais, o que digan duns ou doutros, que nos definan dun ou doutro xeito, xa non depende tanto dun e polo tanto non hai que darlle demasiada importancia, porque o que importa, finalmente, é a obra. Sobre os «tres tenores» da escultura ourensá... pois sona moi ben, musicalmente falando, pero posiblemente podería incorporarse algún máis e formar un grupo maior.

Como é o día a día na túa vida do escultor? Es un artista metódico no traballo?

Eu teño o obradoiro a carón da casa onde vivo. E unha boa parte do tempo estou no obradoiro e xa é algo que forma parte da miña vida. Alí doulle moitas voltas ás cousas e ás ideas, porque a miña idade estou cheo de dúbidas, polo que hai que seguir traballando. Como dicía Aristóteles: «O home por natureza quere saber, pero non hai coñecemento sen aprendizaxe». Eu quero seguir aprendendo e gozando do que o camiño me vaia ofrecendo, emocional e espiritualmente; que a sensibilidade vaia medrando e continuar gozando da beleza das cousas.

Centrándonos no teu propio proceso de creación, como ves esa evolución tan persoal que parte dun costumismo inicial, manifesto nesa serie de *Homes e mulleres da Rabeda* ou de monumentos como o do *Afiador* ou *A Castañeira*, tan simbólicos de Ourense?

Cando inicié este camiño da escultura sempre tentei ir para adiante, buscando nas formas, tratando de


quedarme co esencial ou polo menos achegándome, porque en verdade nunca estou satisfeito ao cento por cento do que fago. E a evolución sempre sairá dun modo natural e case sen decatarse se un trata de arriscar un pouco máis, conseguir esa forma que parece estar sempre escondida e que ás veces se che escapa ou non es capaz de conseguir por completo. Agora ben, hai que dicir que cando che encargan unha obra tes que aceptar ou non o que che piden, e tes que ser máis ou menos realista, como no caso, precisamente do encargo da peza da Castañeira, alá polo ano 2001, se mal non recordo, e que tiña que ser, obrigatoriamente, moi realista e fiel. Doutro xeito, sen esa limitación, esa obra pública sería moi distinta.

Hai obras moi significativas desta evolución, por exemplo esa figura totémica de Breogán, xunto á Torre de Hércules, que está considerada unha das dez mellores de Galicia en granito branco. Unha obra magnífica que non esconde unha certa tendencia á abstracción, non si?

Desde os meus comezos, cando xa empecei a expoñer, eliminei certos «adornos» nas miñas obras. O Breogán, por exemplo, obsérvanos, cun rostro de liñas sinxelas, míranos directamente coa profundidade de algo máis complexo. Con elementos mínimos, con formas simples, un pode transmitir, xogar entre o clásico e o abstracto, entre os volumes e os baleirados, pero sen perder nunca esa esencia da figura, que eu non quero perder de vista.

Como é o proceso de creación no teu caso? As túas formas son produto da imaxinación, da reflexión, da observación da natureza, da tradición...?

Imaxinación, reflexión... talvez un pouco de todo, non sabería dicir... un nunca sabe, cando está a traballar, que cousa é a que lle inflúe máis. Eu traballo máis coa intuición, coa intuición da experiencia que se vai adquirindo, no día a día. Polo que diría que todo consiste en traballar; traballar as ideas e traballando as ideas chegar as formas que un busca. Cando dou por terminada unha obra para



Maternidade, madeira, 1978.

min xa forma parte do pasado. Como escultor interésame o presente e o mañá, se chega. O único que podo facer como artista é seguir traballando, intentar achegarme a esa síntese das cousas, porque conseguir unha síntese, estar cerca da esencia, ou dun simple xesto é quizais o único signo de perfección ao que poderei chegar.

Á hora de plasmar unha idea partes de apuntes sobre papel ou utilizas o deseño informático? Cal é a xénese? Imaxino que renuncias aos detalles, limitándote a bosquejar as formas.

Son moitos os bosquexos e apuntes en papel que fago antes de poñerme a traballar no material directamente. Tamén emprego, en moitos casos, o barro en pequenos formatos para ver como funciona o volume, xa que no barro un pódese equivocar, quitar, poñer... «xogar» coas formas para ver si aquilo que estaba no bosquexo previo funciona ou non antes de comezar coa peza. O barro é por tanto un elemento moi importante na consecución da peza final. De feito, hai que dicir que os bronzes, todos eles, comezan co barro e parten del.

Cando estás traballando nunha obra, sabes realmente por onde vai discorrer ata o remate da mesma? Ou dito doutra forma: o final sempre se impón con absoluta certeza dende o comezo ou o azar é un factor importante no seu desenvolvemento?

Calquera idea hai que traballala, non queda outra. É mellor que o azar che colla traballando. Para calquera peza comezo cunha idea e ao traballar sobre ela, sexa con debuxos ou co barro, aparecen solucións... e cousas que un pensaba que terían que funcionar non o fan, e hai que desbotalas. O proceso vaiche ensinando e enriquecendo e vai afinando o que será a peza final, que ás veces, non acaba sendo como na maqueta, xa que o cambio de tamaño tamén é importante telo en conta. Non funciona igual un volume ou unha forma nun tamaño pequeno que nunha escala maior. Ata o



Maqueta do *Busto de Otero Pedrayo* no Instituto Otero Pedrayo (1983), Ourense.

final, o proceso está cheo de decisións e de cambios, ás veces máis evidentes ás veces non. Cada obra ten o seu propio proceso. Nunca se traballa do mesmo xeito, e por iso, como digo moitas veces, un sempre está aprendendo.

Neste sentido, sénteste máis en tensión que relaxado? Que ten máis peso neste proceso, a dúbida ou a certeza?

Non o sei con exactitude. Como dicía antes, cada peza ten o seu propio camiño. A dúbida sempre está aí, ás veces traballas con máis decisión e máis relaxadamente porque atopas máis rápido a forma que buscas pero noutros casos podes botar días nos que non sae nada como queres e tes que insistir moito máis. Tamén ás veces, logo de acabar a xornada, penso que estiven a perder o tempo, pero ao día seguinte doume conta de que o resultado non era tan malo como pensaba, ou vexo que ese non é o camiño que quería seguir e entón ese «erro» fai de guía para camiñar por outro lado.

Noutra orde, Xosé, pretendes contar algo coas túas esculturas ou prefires que as túas esculturas conten algo de ti?

As esculturas sempre van a contar algo elas soas, sen que eu teña xa nada que dicir. Pero está claro que un pretende contar algo ou trata de «contar» algo. Que un o consiga e que outros o vexan como o vexo eu xa é máis difícil. Eu non son home de palabras senón de ciceis, pero é certo que a escultura é unha forma de linguaxe sen palabras, unha linguaxe, un «poema» expresado con formas que

teñen lugar no espazo e que máis que «contar», suxiren sen necesitar as palabras.

Aceptando isto que me dis, como concibes unha obra para un espazo público? tendo en conta que non é o mesmo unha escultura de interior, de galería, digamos, que unha escultura para un espazo urbano, limitada por inevitables estímulos que haberá que ter presentes no proceso de creación, non crees?

É moi importante a integración do monumento no espazo que o rodea, e por iso hai que traballalo moito, con bosquejos e maquetas, mesmo indo o lugar. Un nunca estará seguro de que a obra final sexa a mellor que pode facerse porque precisamente hai moitos condicionantes. Lembro un dos primeiros monumentos que me encargaron para Entrimo no ano 1981. Era un San Rosendo en pedra. Cando o colocamos, alí no alto do Pedreirño, enriba dun penedo, non había árbore ningunha. Hoxe as árbores, os piñeiros, rodéano e sen dúbida, está moito mellor integrado que naquel momento. O lugar ten unha

prestancia que antes non tiña e iso nin eu nin ninguén o pode controlar por completo. O lugar, a natureza vaíse facendo co monumento, nun sentido ou noutro. A natureza fai propio todo o que haxa nela.

Entre os escritores nos que deixaches as túas pegadas como escultor atópanse Otero Pedrayo, Blanco Amor, Carlos Casares, Concepción Arenal, Xosé M^o Díaz Castro, entre outros. Supuxeron estes proxectos un coñecemento previo da obra literaria de todos eles ou non foi preciso?

Canto máis poida coñecerse dun personaxe moito mellor. Ler os seus libros, coñecer a súa biografía, saber do seu carácter, entrar todo o posible para poder darlle vida e expresividade a través da materia. No caso de Blanco Amor, por exemplo había que transmitir unha forma de estar, de ser, materializar unha certa altivez no xesto... Neste caso a escultura de Blanco Amor é de corpo enteiro polo que hai máis xogo para isto. No caso de Otero Pedrayo ou Carlos Casares, por exemplo son bustos e hai que centrarse moito máis na expresión do rostro. Pero ao final, nunca é doado transmitir unha personalidade, e sobre todo unha personalidade tan grande coma algunha das que falas. De feito teño que dicir que estes encargos non son nada doados de levar a cabo pois só hai un obxectivo, o recoñecemento da personalidade destas figuras.

Debo confesar, Xosé, que entre as esculturas que tes na cidade de Ourense, unha das miñas preferidas é a de Blanco Amor. E non só porque me parece que ten un halo vital nos seus trazos corporais, cousa que descubrín ao pé dela cando no mesmo lugar tiven a oportunidade de participar nalgunha inauguración das feiras do libro da cidade. Posto que es un gran lector, como ves a relación entre a arte e a literatura? Entre a túa arte e a literatura?

Non teñen que estar ligadas, ou si. Ler un libro pode servir de inspiración, por suposto. As distintas artes sempre tratan de expresar sensacións e sentimentos e por iso

a súa relación, a relación entre todas elas, sempre está aí e todas inflúen en todas aínda que a forma na que se expresen sexa diferente. No meu caso —sen falar dos traballos sobre escritores— a relación coa literatura non é tan necesaria ou tan directa, porque son un escultor que traballa coa materia, co proceso, coas formas. Se hai relación é unha relación inicial, que logo vai tomando camiños máis definidos cara ao escultórico.

Si falamos das grandes correntes da escultura contemporánea (a figuración, a neofiguración e a abstracción) con cal te sentes máis identificado?

Como dicía antes, cando traballo, ou antes de poñerme a traballar, non penso en adaptarme a unha cousa ou a outra. Soamente está a peza, a materia a resolver, a idea a plasmar. O que podo dicir é que a figuración é a base de todo o meu traballo, se despois alguén lle quere chamar dun ou doutro xeito xa non é cousa que eu poida controlar. Tampouco me preocupa moito isto, polo que non me sinto máis identificado cunha ou con outra corrente. Hai esculturas estupendas en todas as correntes. O que nos debe importar é a obra mesma non a que corrente pertence ou non. Quizais este é un asunto máis de historiadores que de artistas.

Na miña opinión, eu diría que o escultor —e estou a pensar en Chillida, co que tiven a sorte de conversar algunha vez— ten algo de explorador nunha viaxe entre o visible e o invisible, entre o finito e o infinito, entre a reflexión e a poesía. Incluso, no caso do escultor vasco, entre o silencio e a música. Ti que pensas?

Que unha obra transmita todas esas emocións non é doado. Chillida de certo que o consegue nalgunhas obras. Esa é unha busca constante e ao que temos que aspirar. Lembro, hai algúns anos, unha crítica que me fixeran e que se titulaba Poesías en las maderas de Xosé Cid. Pois aínda sigo aspirando a iso. Mirar unha escultura ten algo de poesía, de música e de silencio, algunhas parecen telo


máis presente que outras e ás veces non sabemos o porqué. Como dicía antes, todo ten algo de intuición, e á vez de experiencia e de saber facer e mirar.

Hai quen manifesta que as túas esculturas non teñen relación co espazo, que son independentes do medio. E, sen embargo, eu vexo que as túas esculturas nacen do espazo. Cal é a túa opinión?

A escultura nace da materia e do material que estou a traballar, non pode ser doutro xeito. Cando se monta unha mostra, por exemplo, nunha sala de exposicións, as pezas non foron

feitas para ese espazo, pero sen embargo hai que situalas no lugar e manter un diálogo co lugar no que se expoñen, polo que acaban estando en relación e acaban sendo espazo. Outra cousa é que se consiga un diálogo fluído e natural entre estas partes. Por outro lado cando a unha escultura lle pos unha peaña si que pode ser certo que se marca un límite e que calquera pode pensar entón que esa escultura é independente do que hai ao redor.

Unha das túas últimas mostras, a finais de 2017 no Centro Cultural José Angel Valente de Ourense, foi a comisariada polo teu fillo Rosendo Cid co título de Materia infinita. Unha mostra coa que pretendías indagar na natureza humana. Con esta nova exposición comisariada tamén por Rosendo, atopámonos ante unha antolóxica que recolle dunha maneira global esta mesma preocupación. Estamos ante o resultado desta teima permanente sobre a natureza humana?



Fotografía da súa primeira entrevista na sección *Pulso de la ciudad*, La Región. 18 de decembro de 1965.

A presenza da figura, da natureza humana está sempre aí, desde os meus comezos, cando representaba aos homes e as mulleres do Val da Rabeda como sempre digo. E aínda que nalgunhas das miñas esculturas me vaia cara a formas máis abstractas sempre hai unha referencia á figura, máis ou menos evidente. É algo que forma parte da miña escultura e do carácter da mesma.

Na exposición referida puideron comprobar que é difícil resistirse a non tocar ningunha das túas esculturas, case diría que acaricialas. Precisa a abstracción o sentido do tacto?

Calquera que vaia a visitar unha exposición de esculturas, sexan figurativas ou abstractas ou de calquera outro tipo, penso que ten a intención ou o desexo de tocar, ou polo menos falo por min. A materia da que están feitas as esculturas sempre nos chama a tocalas, a saber e achegarnos máis a elas e sentir o que transmiten, pois teñen volume, non son planas. Pero tamén é certo que poden mirarse sen tocar, non é unha obriga, sexa abstracción ou algo figurativo, pero se podemos tocar, por suposto que estou de acordo en tocar e acariciar.

O que si me parece perceptible en ti, ao longo de todos estes anos, é que hai un cambio no proceso de investigación de formas e materiais cunha tendencia progresiva á abstracción, á nada. É así?

Xa falamos algo disto antes. É verdade que o único material que sumei desde o meus comezos, ademais da pedra, da madeira, do barro, do mármore... foi o

bronce, e trouxo novas maneiras de enfrontarme coa escultura, sobre todo pola técnica, e polo proceso que implica, que é bastante longo, e non permite segundo que cousas que noutros materiais non importan tanto. O trato co bronce é moi diferente, é un trato máis indirecto. Na pedra ou na madeira tes que ir de cara o material, é un proceso de subtraer, de quitar para quedar co fundamental e non hai volta atrás. No barro é diferente porque podes agregar ir para adiante e para atrás. E o barro é a base de todas as miñas esculturas en bronce. En calquera caso sempre vou cara a unha simplificación das formas.

Pode un artista transformar o mundo da escultura sen que a escultura transforme ao artista?

Ambas cousas son certas e non rifan entre si. Cando un quere dedicarse a escultura non se comeza de cero, sen saber nada, un ten que buscar referencias para marcarse algún camiño, un camiño propio e se logo ese camiño propio inflúe no mundo da escultura... pode ser una aportación minúscula ou maiúscula... pero o mundo da escultura, do que está formado é precisamente por camiños propios.

Volvo a Claude Monet cando dixo: Quiero pintar el aire que rodea el puente, la casa y la barca. La belleza del aire en el que existen, y eso no es más que imposible. Ti también confirmas iso mesmo como escultor?

O aire está ao redor da escultura, a vida está ao redor da escultura, da pintura... e a vida non pode nin pintarse nin esculpirse, nin escribirse... aínda que iso é o que intentamos todo o tempo os artistas. Esa é a aspiración, imposible, pero é a que temos que perseguir.

Remato lembrando a un amigo recentemente falecido cando lle faltaba un mes para cumprir os cen anos, Artur Cruzeiro Seixas, un dos máis grandes expoñentes do surrealismo portugués. Pois ben, un día díxome que




Proceso de instalación da escultura de *Santa Eufemia*, Ourense.

estaba a deseñar a escultura dun ollo ben aberto para que o colocasen trala súa morte sobre o seu panteón. Por que un ollo? —pregunteille. Para seguir en contacto co mundo, observando a vida —respondeume. Ti sabes que, ao longo da historia, son moitos os exemplos de arte funerario que atopamos nos camposantos. A miña pregunta é a seguinte: pasouche algunha vez pola cabeza deixar a túa sinatura esculpida en pedra ou en mármore sobre unha lápida?

Se che digo a verdade, nunca se me pasou pola imaxinación tal cousa. O único que podo dicir é que ao final o que queda é un diálogo, en silencio, entre eu e máis as miñas obras; e que en toda a miña obra está reunido o que fun, o que son e o que serei e que ese é o meu remanso de paz, onde non hai présa ningunha, por moito que transcorra o tempo.

A Pousa de Santa Leocadia
29 de febreiro de 2024

1970. Barro. 33 x 29 x 25 cm.





2017. Bronze. 23 x 85 x 25 cm.



2017. Bronze. 49 x 94 x 30 cm.



2007. Carballo. 220 x 80 x 45 cm.







1980. Madeira. 74 x 200 x 3,5 cm.



2000. Bronze. 108 x 32 x 25 cm.

2024. Mármor. 71 x 38 x 29 cm.







2005. Bronze. 84 x 46 x 16 cm.



2017. Castiñeiro. 213 x 50 x 39 cm.





2003. Bronze. 95 x 27 x 23 cm.



2010. Mármore. 134 x 40 x 39 cm.





1988. Madeira. 59 x 23 x 16 cm.







1982. Madeira. 92 x 22 x 17 cm.



2005. Bronze. 101 x 26 x 18 cm.



2010. Castiñeiro. 157 x 72 x 37 cm.








1998. Bronze. 80 x 54 x 25 cm.



(doce pezas) 2023. Mármore. 23 x 35 x 17 cm aprox. c/u.










2017. Castiñeiro. 220 x 42 x 39 cm.



2015. Madeira de castiheiro. 229 x 119 x 65 cm.







Monumento a San Rosendo (1981). Entrimo.

Silencio y materia

ROSENDO CID

Tanto el silencio como la materia son dos conceptos que, en la escultura, la trayectoria y el hacer de Xosé Cid están muy presentes. Y a través de ellos se ha vertebrado esta muestra, enfocada además desde una intención antológica muy particular en la idea de generar un diálogo entre piezas de diferentes épocas —incluyendo algunos trabajos tempranos y menos conocidos—. Una muestra que toma el relevo de otra celebrada en esta misma ciudad, en el año 2018, en el Centro Cultural José Ángel Valente, titulada *Materia infinita*. En aquel entonces la materia era el centro alrededor del cual giraba aquella exposición; una materia, como concepto, que venía —y viene— definida por unos materiales específicos con los que el escultor trabaja desde sus inicios como son, el barro, la madera, la piedra, el mármol y el bronce —este último a partir de los años noventa del siglo XX—. El modo en que Xosé Cid se enfrenta a estos materiales, diríamos primigenios —o con una evidente carga de silencio arcaico y primitivo—, es mediante un diálogo íntimo y hondo, y por tanto silencioso, que no desaparece de su modo de trabajar y que se concreta a través de las intuiciones que le otorga la experiencia ante los diversos cauces que la materia le propone.

En la muestra actual —continuando la senda de aquella de 2018— se ha querido entonces evidenciar otro elemento, esto es: el silencio; un silencio activo e ineludible en su quehacer escultórico, que hace de interlocutor con la materia para, paradójicamente, *hacerla hablar*. Para

El que no contempla solo ve apariencias.

Ramón Eder

